



Nota de Prensa

ANPE esixe a reanudación das substitucións para non sobrecargar ao profesorado nin mermar a calidade do ensino

A actividade lectiva continúa o seu curso, de forma telemática, e os docentes estamos a facer un enorme esforzo para manter a calidade do ensino.

É prioritario que a Consellería de Educación realice as substitucións do profesorado de baixa, *suspendidas o 12 de marzo coa implantación do estado de alarma en todo o país*, para non sobrecargar aos docentes que realizan as tarefas educativas desde a súa casa nin mermar a calidade do ensino nunha situación tan delicada como na que nos atopamos.

A actividade lectiva continúa totalmente operativa, de forma telemática, e os docentes estamos a facer un enorme esforzo e un traballo improbo para atender ao noso alumnado nas mellores condicións posibles, adaptándonos non só á actividade telemática que en condicións normais non realizamos de forma exclusiva se non tamén a xestionar as múltiples casuísticas que lles acontecen: falta de conexión, de medios, de infraestrutura...

Destacar por exemplo, casos que se dan como o dun profesor de Secundaria con grupos de BAC que se ten que facer cargo de 70 alumnos a maiores dos seus, aos que non coñece de nada porque a súa compañeira está de baixa por enfermidade e **NON se procedeu a cubrir a súa ausencia coa preceptiva substitución**. É evidente que estes alumnos, nunha situación tan crítica como a que estamos a vivir non van poder ser atendidos como a situación o require porque non é posible que este docente no seu horario de traballo poida atender en condicións óptimas aos seus alumnos e alumnas máis outros 70.

Non é de recibo que as ausencias de profesorado que se veñen a producir por distintas situacións: incapacidade temporal, permisos de paternidade e maternidade, xubilacións... **NON se doten do persoal sustituto correspondente, deixando aos alumnos sen un titor ou especialista de referencia** e tendo que adoptar a dirección dos centros a decisión do reparto de grupos de alumnos entre o resto do profesorado do centro, sobrecargando a dito profesorado que se ve superado pola situación e carente de ferramentas ante unha situación tan excepcional e novidosa como a que estamos a vivir.

Non podemos permitírnos que a suspensión da actividade educativa nas nosas aulas limite a atención educativa daqueles alumnos e alumnas que non dispoñan dun titor ou profesor especialista de referencia.

ESIXIMOS que se poña en marcha desde XA as substitucións do profesorado na nosa Comunidade Autónoma tal como se está a facer noutras moitas desde hai tempo, mesmo algunha que nunca deixou de realizalas.

Santiago, 13 de abril de 2020